

NOCTURNIA

Coruña mutante

*A revista de cultura e ocio de
Nocturnia para a mocidade*
Nº 8 XULLO-OUTUBRO 2018

VIVE O NOROESTE!

O festival de música máis grande de
Galicia volve á cidade do 7 ao 12 de agosto

DESAFÍA Á GRAVIDADE

Do 20 ao 22 de xullo tes unha cita co deporte
e coa cultura urbana no I Street Stunts

Á PRAIA CUN LIBRO BAIXO O BRAZO

As Bibliotecas Municipais da Coruña recoméndanche
as mellores lecturas para este verán.

A CORUÑA, BERCE DO QUIDDITCH

Entrevista a Dementores, o primeiro equipo
de quidditch de Galicia

FICCIÓN CON SELO CORUÑÉS

Un repaso polas webseries patrias para ver no móbil

SIGUE A PISTA A...

Iago de la Campa



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
XUVENTUDE



MINISTERIO
DE SANIDAD, CONSUMO
Y BIENESTAR SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE SERVICIOS SOCIALES

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO
PARA EL PLAN NACIONAL
SOBRE DROGAS

NOCTURNIA

Coruña mutante

Agora que tes nas túas mans a revista *Coruña Mutante*, non tes escusa para gozar do verán na túa cidade, pois a axenda coruñesa de xullo a outubro ben cargadiña de cultura, lecer, deporte, música... Bótalle un ollo e escolle o que máis che guste!

Se che gustan os deportes urbanos, estás de sorte! En xullo chega á Coruña por primeira vez o Festival Street Stunts, o maior evento de cultura urbana de Europa. Poderás asistir a competicións de *psicoblock*, *parkour*, *boulder*, *slackline*, *calistenia* ou *street pole*. Ademais, se queres iniciarte nestas disciplinas, poderás anotarte en diferentes talleres.

E seguindo co deporte... coñeces o *quidditch*? Seguro que sí, pois é unha proposta presente desde hai un tempo no programa de ocio alternativo Nocturnia. Falamos cos Dementores de A Coruña, un equipo pioneiro nesta disciplina en Galicia que xa impartiu diferentes obradoiros de iniciación para dar a coñecer este máxico e completo deporte e animar a xente a xogar.

Se o teu non é o deporte, non te preocupes! Na detallada axenda que che ofrecemos seguro que atopas unha actividade para ti. Desde *Coruña Mutante* dámosche ideas para que este verán goces cun bo libro, ben sexa de banda deseñada – aproveitando que terá lugar a XXI edición do festival Viñetas desde o Atlántico– ben sexa de calquera outro xénero. O persoal das Bibliotecas Municipais da Coruña ofrécete dezoito recomendacións de lectura en función da túa idade e dos teus gustos. Ademais, no noso cuestionario mutante poderás descubrir o escritor Iago de la Campa que, con tan

só 25 anos, xa publicou catro libros. Pero se o que che gusta é o audiovisual, tamén traemos para ti as mellores series de Internet do momento, que podes consumir directamente desde o teu móbil.

Do 7 ao 12 de agosto o Festival Noroeste Estrella Galicia, a cita musical por excelencia da cidade herculina, volverá encher as prazas, os museos e a praia de Riazor de centos de bandas, tanto de renome como outras menos coñecidas, que paga a pena descubrir. E a maioría das actuacións son de balde! Entre os participantes neste evento encontramos o grupo de rock coruñés Wondermind, encargado de abrir o festival en San Nicolás. Os seus integrantes, usuarios dos locais de ensaio do Concello, fálannos do que supón esta cita para eles e de como ven o seu futuro. Ademais, na edición máis feminina do Noroeste, aproveitamos para falar coa tamén coruñesa Elba Fernández que, tras a súa etapa como Jane Joyd, se aventura agora cun novo proxecto musical: Mordem.

Xa ao final do verán, chegará á cidade unha nova edición do Festival Mar de Mares, unha oportunidade para reflexionar sobre o coidado da nosa contorna e dos recursos mariños que nos ofrecen os océanos. Non o perdas!

Agardamos que pases un feliz verán na Coruña e que che gusten os contidos das seguintes páxinas. Como queremos coñecer a túa opinión, lembra que podes facérnola chegar a través das redes sociais de Nocturnia. Dinos tamén o que che interesaría encontrarte no vindeiro número de *Coruña Mutante*. Ficamos á espera das túas achegas!

Boas vacacións, mutantes!

E TI QUE PENSAS?
COMPARTE

#EuSonMutante

NOCTURNIA @Nocturniacoruna nocturniacoruna

VIVE O NOROESTE! 4-5

ENTREVISTAS A MORDEM E A WONDERMIND 6-7

FESTIVAL STREET STUNTS:
A LEI DA GRAVIDADE DESAFÍASE NA CORUÑA 8

AXENDA CULTURAL XULLO- OUTUBRO DE 2018 9

IMOS Á PRAIA CUN LIBRO BAIXO O BRAZO 10-11

FALAMOS CON DEMENTORES A CORUÑA 12

SERIES WEB: FICCIÓN CON SELO CORUÑÉS
PARA ENTRETETERTE NO MÓBIL 13

POR UN MAR DE MARES 14

TI DECIDES A CORUÑA QUE QUERES! 15

SIGUE A PISTA A... IAGO DE LA CAMPA 16

O equipo de *Coruña Mutante* somos:

Edita: Concellaría de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña - www.coruna.es/participacion

Deseño, maquetación e contidos: The Office Comunicación - www.theofficeco.es

Imprime: Gráficas Mera - www.graficasmera.com

Depósito legal: C-272-2016

VIVE O NOROESTE!

Non podes vivir sen actualizar a túa lista de Spotify? Cando oes tres golpes seguidos vánseche os pés? Recordas os teus últimos veráns de festival en festival? Se respondiches afirmativamente, entón marca na túa axenda as datas do 7 ao 12 de agosto. Un ano máis, os sons do Festival Noroeste Estrella Galicia, organizado polo Concello da Coruña, volverán oírse en toda a cidade; desde a praia de Riazor ata ao castelo de Santo Antón, incluíndo prazas e museos. E é que o Noroeste chegará coa mellor e máis sorprendente música.

A Coruña volve acoller unha nova edición do Festival Noroeste Estrella Galicia. E xa van trinta e dúas! Este ano esta festa da música terá lugar do 7 ao 12 de agosto e contará cun centenar de bandas e artistas para todos os públicos e gustos. Pop, rock, música independente, *heavy*, fado, hip hop, folk, punk, canción de autor... é imposible que non che acaia algún destes estilos! Ademais, é unha oportunidade única para coñecer a cidade desde outro punto de vista, xa que durante estes seis días música e arquitectura dialogan para deseñar un mapa de sons moi especial. Porque o festival ofrece, ademais do seu atractivo cartel de concertos, un marco incomparable onde teñen lugar os directos: unha praia bañada polo Atlántico, atrios e patios de museos que se renden á experimentación, prazas carismáticas de pedra... Sons eclécticos para máis dunha ducia de escenarios singulares!

NON PODES PERDER...

Calidade, singularidade e moita presenza feminina, así como carácter, experiencia e, sobre todo, talento nos escenarios do Noroeste Estrella Galicia. Estes son algúns dos reclamos desta edición, na que destaca a presenza de Ana Curra, Christina Rosenvinge, Group A, Mordem,

Morgan, Laetitia Sadier, Nathy Peluso ou Maren Ladson. A estas mulleres súmase tamén o novo flamenco de Rocío Márquez, o doente fado de Dona Rosa e o folk hipnótico de María Arnal (acompañada de Marcel Bagés), encargadas de emocionarnos no castelo de Santo Antón co seu talento. Se aínda non as coñeces, non sabemos a que agardas!!

Se es máis de sons pesados, tes unha cita imprescindible no Campo da Leña, onde un total de doce propostas conforman o cartel deste escenario. Toma xa nota para non perderte a Dead Witches, ZA!, Honeymoon Disease, Capsula, The Devils, Aullido Atómico, Kabbalah, Mueran Humanos e Oh!Mega. Bandas estatais e internacionais que se suman a Hexany e Playa desmayo, dúas apostas locais para mover a melenas coma tolas e tolos!

Como xa che contamos, o Noroeste é moi ecléctico e presenta unha mestura de hip hop con punk, electrónica, bolero, soul, *trap*, rock, *swing*, jazz... Quédannos máis estilos por nomear? Nestes ritmos móvense coma peixes na auga artistas e bandas galegas como BFlecha, Carla Green & The Demons, The Lákazans, Wondermind, Mordem, Bea da Estrella, Clitchgirl ou The Big Lis Gumbo Band. Recomendámosche que sigas a súa pista!

32 FESTIVAL NOROESTE

ESTRELLA GALICIA
AGOSTO 2018_A CORUÑA

SINTE O NOROESTE

15 ESCENARIOS DIFERENTES
+ DE 80 BANDAS E ARTISTAS
6 DÍAS DE CONCERTOS
+ DE 200 HORAS DE MÚSICA

CÓNTANOLO!

Durante seis días terás tocando ao pé da túa casa a artistas recoñecidos a nivel internacional e estatal, pero tamén poderás **(re)descubrir** outros. Se a isto lle sumas as palabras **gozar** e **amizade**, cremos que non se pode pedir máis. Canta e baila moito! E, se che apetece, comparte a túa experiencia no festival nas redes sociais.

Non perdas detalle do programa completo na web www.festivalnoroeste.com ou a través do Facebook, Twitter e Instagram do festival. Se xa queres ir entrando en faena, busca a lista de reprodución Noroeste 2018 EG en Spotify. Se non gozas do Noroeste é porque non queres!

Agora pasa a páxina e (re)descubre dúas xeracións de artistas da Coruña que actuarán nesta XXXII edición do Festival Noroeste Estrella Galicia: Mordem, antes coñecida como Jane Joyd, que tocou no Festival de Benicassim xunto a artistas como Arcade Fire, Portishead ou The Strokes, e os recentemente chegados aos escenarios Wondermind, grupo residente dos locais de ensaio do Concello.

AS MATINAIS

BULEVAR DO PAPAGAI,
PRAZA DA GALERA, PRAZA DE JOSÉ
SELLIER LOUP, RÚA TORREIRO,
RÚA CAPITÁN TRONCOSO

PRAZAS

CAMPO DA LEÑA,
PRAZA DAS BÁRBARAS,
PRAZA DE SAN NICOLÁS

MUSEOS

CASA MUSEO CASARES QUIROGA,
CASTELO DE SANTO ANTÓN,
FUNDACIÓN LUÍS SEOANE

SELECCIÓN NOROESTE

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
TEATRO COLÓN

ROMARÍA

PARQUE DO PASEO
DAS PONTES

PRAIA DE RIAZOR

FESTIVALNOROESTE.COM
#SOMOSNOROESTE
#NOROESTE2018



Mordem

En 2010 coñecémoste como Jane Joyd. Coa túa primeira maqueta gañaches o proxecto Demo de Radio 3. Que supuxo este recoñecemento para comezar a túa carreira?

O apoio dos medios sempre é moi valioso para calquera proxecto que comeza. O proxecto Demo foi moi importante pola difusión e recoñecemento que supuxo; implicou poder medrar como banda e comezar a miña carreira profesional.

Sete anos despois regresas con outro proxecto musical: Mordem. Que diferenzas musicais e de estilo podemos atopar con respecto á etapa anterior?

Para min non hai moitas diferenzas, quizais porque o percorrido persoal e musical van unidos e considero todo cambio moi natural. Sigo cantando sobre os mesmos temas: os medos, a identidade, a morte... os grandes dramas humanos. Compoño para desinfectar feridas e para coñecerme mellor. O que si cambia é a inxedanza musical. Gústame xogar, buscar e explorar sons novos. Non ter medo a equivocarme para min é importante, pero ao mesmo tempo é unha loita interna e constante.

Nese percorrido vital que comentas, que cambios houbo?

Os cambios persoais fixeron que tivera que volver a atoparme. A vida debería ser unha busca constante, non acomodarnos, escoitarnos, mirar cara adiante e tamén cara atrás, ser conscientes de que mañá todo pode ser distinto... Cando o esqueces é fácil perderse. Este disco é un recordatorio persoal de todo iso, de que todo cambia antes ou despois.

Que atoparemos escoitando *Fragments to dominate the silence*?

“COMPOÑO PARA DESINFECTAR FERIDAS E PARA COÑECERME MELLOR”

O verbo morden, utilizado nun poema de Rosalía de Castro, serviulle a Elba Fernández para poñer nome ao seu novo proxecto: Mordem. Nel atoparás a mesma habilidade para crear ambientes e estados ca en Jane Joyd, o proxecto anterior co que se deu a coñecer esta coruñesa en 2010. Fragments to dominate the silence (2017) é o disco debut de Mordem, que en agosto tocará na cidade dentro do Festival Noroeste Estrella Galicia 2018, de estilo máis nórdico, con sons próximos ao trip hop, rhythm and blues e dreampop. Non perdades a súa actuación na praza das Bárbaras!

É un disco moi especial por moitos motivos persoais. Son dez temas inspirados no cine e as súas historias, así que o aire a banda sonora é totalmente intencionado. Dalgunha maneira intentei poñerlle música á miña propia película nese momento, coma se fose unha personaxe de ficción máis. Formalmente é un disco cantado en inglés con aires nórdicos nos pianos, mesturados con ambientes electrónicos e recordos do *trip hop* ou *rhythm and blues*. Na súa elaboración acompañáronme persoas marabillosas como Xavi Font, David Unison, Manuel Cabezali e Luca Petricca.

Falar da túa propia película implica escribir cancións autobiográficas?

Si. Cando escribo teño que valerme das miñas vivencias; non sei inventar historias que non teñan unha base xa vivida. Cando en *Magma* se describe un asasinato, en realidade estou a falar da dor física, do efémero da vida, do azar. Dese xeito é cando as cancións me resultan catárticas. Pero non é algo que me pase só coa música, o cine tamén ten ese poder. Moitas veces estás a ver unha película e veste reflectida nun espello. Sobre esta idea pivota o disco: vernos reflectidos nos demais e na capacidade que temos de empatía.

Arriscándonos a entender o título do disco á nosa maneira, o silencio dominase con cancións?

Si. Esa é a idea. Gustoume o concepto dos fragmentos, porque dominar o silencio significa non ter medo a expresarse. O silencio tamén é moi valioso e necesario, e debemos utilizalo ben, por exemplo, para escoitar, para pensar. Así que a idea é que o silencio non sexa algo imposto ou un xeito de autocensura; de aí que o disco se titule *Fragments to dominate the silence*. Temos que aprender a utilizalo do mesmo modo que temos que aprender a empregar o ruído.

Volves á túa cidade para tocar no Noroeste 2018. Que esperas do concerto?

De todos os concertos agardo poder pasalo ben e que a xente o faga con nós. Tocar na casa sempre é algo máis especial polo pouso que ten para min. Tamén é motivador formar parte dunha edición comprometida coa visibilización feminina.

Como ves a presenza da muller na escena musical galega e española?

En Galicia sempre tivemos unha tradición musical moi interiorizada e con grande interese en explorar diversos estilos. Tradicionalmente, a muller foi unha peza importante na nosa música e continúa a selo, pois están cobrando importancia moitas propostas musicais dirixidas por mulleres. Sempre é un avance ir creando e ter referentes e aperturas. Tamén é igual de importante non esquecermos a aprendizaxe continua, escoitar as persoas que veñen detrás e analizar as súas voces; lembrar que o futuro é a nosa responsabilidade e hai que tratar de ir atopando un camiño cara a unha sociedade máis horizontal e non segmentar as loitas. Para min o feminismo vai máis aló dos dereitos da muller; implica abarcar outras fronte sociais e políticas. Unha sociedade que segmenta as súas loitas continúa a ser unha sociedade coxa.

Afincada en Madrid, que botas de menos da Coruña?

Boto de menos a familia e os amigos. Por outra parte, A Coruña e Galicia son lugares privilexiados e, máis que estrañalos, teño unha sensación de desexo. Estar fóra fai que valores o que deixas atrás. A nosa terra ten unha gran riqueza; a natureza é moi xenerosa con ela e hai moita maxia e bondade nas xentes, as paisaxes, os recursos... Gustaríame que Galicia fose o que potencialmente podería chegar a ser. Iso é o que boto en falta.

“INTERACTUAR CO PÚBLICO É IMPRESCINDIBLE PARA GUSTARLLE Á XENTE E CONSEGUIR QUE GOCE DA NOSA MÚSICA”

Hai un par de anos o guitarrista Xoán Varela puxo un anuncio para buscar xente e montar un grupo de música. O batería Jesús García contactou con el e sentaron as bases da banda coruñesa Wondermind. Máis tarde uniuse o baixista Nacho Ríos e o verán pasado o proxecto quedou completo coa incorporación da cantante Sofía Pérez. Aínda que ningún supera os 24 anos, todos contan con importantes referencias musicais e teñen moi claro o traballo que lles queda por diante para conseguir o seu soño. O grupo lanza este verán o seu primeiro EP, gravado no local de ensaio do Coliseum do Concello da Coruña. Na súa carta de presentación apostan por cancións con letras moi variadas e un rock alternativo que lles permite conxugar elementos de punk, pop e funk. Poderás gozar do directo de Wondermind o 7 de agosto nos concertos do Noroeste Estrella Galicia en San Nicolás.

Cales son as vosas influencias musicais?

Xoán: Á hora de escoitar música e compondor, adoitamos fixarnos moito nos grupos independentes británicos como Arctic Monkeys, Kasabian, Franz Ferdinand e Bloc Party. Ademais, a nosa música ten tamén bastante influencia de Oasis e Cranberries. Aínda que nos consideramos máis *british*, tamén nos fixamos en grupo americanos como The Black Keys, The Strokes ou mesmo Red Hot Chili Peppers.

Sofía: Eu sempre fun de escoitar grupos máis clásicos e inspiráronme artistas como Janis Joplin, Jefferson Airplane ou Joan Jett polo feito de ser mulleres destacadas nunha industria onde a gran maioría son homes.

Sodes usuarios dos locais de ensaio do Concello. Que vantaxes pensades que teñen estes locais para a cidade e os grupos que comezan?

X.: Levamos aproximadamente un ano e medio utilizando os locais de ensaio do Concello e a verdade é que son unha grande oportunidade para grupos non profesionais coma o noso, porque todo é gratuíto! Dispomos de tres horas á semana para ensaiar nunha sala completamente equipada con todo tipo de material (batería, amplificadores, micros etc.) e con opción de reservar máis horas se hai algún oco libre. Ademais, tamén contan cun estudo no que che poden gravar un tema cando o tes listo.

Notastes unha evolución a nivel musical ou á hora de actuar ao formar parte destes locais?

Jesús: A verdade é que si. Despois de tanto tempo ensaiando alí collemos certo ritmo que se traduce á hora de tocar en vivo.

Nacho: No noso estilo de música eu diría que non tanto. A nivel de actuacións, si; notámonos máis cómodos e compenetrados no escenario.

Ides abrir o Noroeste en San Nicolás. Como recibistes a noticia e que credes que vai supoñer para vós?

J.: Eu estaba esperando para entrar nun exame cando vin o correo e non puíden deixar de pensar niso namentres o facía (risas). Estableceron o contacto a través dos locais de ensaio, polo que estamos moi agraecidos por iso. Para nós significará un impulso á nosa carreira musical: tocar neste festival onde pasaron tan bos artistas dá certo prestixio que pensabamos alcanzar moito máis tarde.

S.: Ademais, este ano hai unha gran presenza de artistas femininas, o que nos outorga ás mulleres unha gran visibilidade no terreo musical. Agrádecense estas iniciativas onde se motiva as rapazas a que tamén se animen a vivir e compartir os espazos musicais.

Que vai atopar o público sobre o escenario?

J.: Enerxía e diversión. Gustaralle escoitar a nosa música tanto coma a nós tocala. Esperamos deixalo con ganas de máis!

Supoño que gozades nas vosas actuacións case tanto coma o público, non?

J.: Sempre trato de transmitir a miña enerxía cando estamos tocando, xa sexa movéndome e facendo trucoas coas baquetas ou facendo coros con moito entusiasmo.

S.: Esa enerxía transmítea totalmente, fíame caso! (risas) Eu igual! Á parte de vivir cada canción,



Wondermind

gústame falar do significado de cada letra... Interactuar co público paréceme imprescindible para gustarlle á xente e conseguir que goce plenamente da nosa música, que entenda o que lle queremos facer chegar.

Aínda acabades de empezar nisto da música. Como vos vedes dentro de dez anos? Quizais volvendo ao Noroeste, pero agora na praia?

J.: En dez anos véxome en máis escenarios con moita máis música. O de tocar na praia no Noroeste imaxínoo en moito menos tempo!

N.: Non temos plans a tan longo prazo. Si que temos a ilusión de tocar no Noroeste e se é nos concertos grandes, mellor, pero primeiro ten que producirse a evolución conxunta do noso proxecto para recoller os froitos dentro de dez anos.

Así nos gusta, con ambición e optimismo! Como vedes a escena musical coruñesa e que grupos emerxentes nos recomendades escoitar?

S.: Hai moitísimos grupos emerxentes tanto de rock e independentes coma de rap ou trap. Paréceme unha boa forma de pasar o tempo de ocio ou, incluso, de crear perspectivas laborais, aínda que sexa difícil na situación en que se atopa a escena musical. Como non teñas moitos recursos económicos é complicado e pouco motivador, por iso animamos os concellos a convocar festivais e concursos destinados a grupos emerxentes, para eliminar barreiras e que a mocidade se anime a probar este mundo.

N.: Recomendovos grupos como Chomoloco, Strob, Senectud Sideral, Harakiri, Theta Waves ou WetSocks.

FESTIVAL STREET STUNTS: A LEI DA GRAVIDADE DESAFÍASE NA CORUÑA

Do 20 ao 22 de xullo tes unha cita co deporte e coa cultura urbana na explanada do Parrote. Desde Coruña Mutante xa che falamos anteriormente sobre o Festival Street Stunts, pero agora queremos contarche máis polo miúdo todo o que vas atopar neste evento internacional que chega por primeira vez á Coruña. Os mellores “stunters” do mundo estarán desafiando a lei da gravidade na túa cidade cos seus mellores trucos. Non perdas este espectáculo!

O Festival Street Stunts reunirá durante tres días do mes de xullo as e os mellores atletas internacionais en espectaculares disciplinas como *parkour*, *street workout* – *calistenia*, *slackline*, *tricking*, *street pole*, *boulder* e *psicoblock*. Esta última é a gran sorpresa desta edición e, ademais, será a primeira vez que se poida ver esta competición en Galicia. Toma nota: será ao caer a noite do sábado 21!

Máis aló do deporte, haberá concertos e un espazo con furgonetas ambulantes de comida. Este espectáculo único en Galicia é unha oportunidade para que goces coas túas amizades dunha fin de semana ben completa: deporte, música e gastronomía. Presta atención ás novas na páxina www.streetstunts.es!

PSICOBLOCK: MASTER SERIES 2018

O escalador Celso Martínez “Finuco”, recoñecido a nivel mundial, trae á súa cidade esta competición, derivada da escalada en bloque, que se realiza sen corda por unha parede de dezaseis metros situada sobre auga para amortecer as posibles caídas. Como che avanzamos, será a primeira vez que esta competición límite, na que o corpo é o mellor aliado e a forza e a destreza son fundamentais, se vexa en Galicia e grazas á cal estarán na Coruña as dezaseis mellores escaladoras e escaladores do mundo, como a francesa Melissa Le Nevé ou o estadounidense Chris Sharma.

A Agrupación de Montañeros Independientes (AMI), asociación coruñesa da que Finuco é socio, participará de forma activa no festival Street Stunts coa organización, o domingo 22 de xullo, dun taller de escalada. Nel poderás descubrir este apaixonante mundo moi de preto, xa que, como comenta a coordinadora de actividades de AMI, Mariquiña Castiñeira, “A competición de *psicoblock* será un evento moi vistoso que, de seguro, fará que máis xente se mostre interesada na escalada”.

NOVE COMPETICIÓNS NACIONAIS E INTERNACIONAIS

No Festival Street Stunts da Coruña terán lugar outras nove competicións. Poderás asistir á World Cup Pro de Street Stunts Style e á World Cup Speed Contest (campionato do mundo de *parkour*). Tamén se celebran o Campionato de España de Street Workout – Calistenia, deporte que se practica co propio peso do corpo en barras paralelas ou fixas e que inclúe acrobacias extremas; a proba clasificatoria para a World Cup de Slackline, deporte de equilibrio sobre unha corda plana; o Campionato de Europa de Tricking,

combinación de saltos, xiros e patadas de diferentes disciplinas, como a capoeira ou o taekwondo; o Campionato de España de Street Pole, baile en barra, e o Open de España de Escalada en Boulder, escalada de rochas ou pequenas paredes de sete ou oito metros.

Por outra banda, aínda que se trate máis de baile urbano ca de deporte, A Coruña tamén acolle no marco deste evento o Aberto de España de Break Dance e o Campionato de España das Batallas de Baile por Parellas, coñecidas como *All style battles*.

INÍCIATE NOS DEPORTES URBANOS

O obxectivo de Street Stunts é achegarlle o deporte á mocidade... e non só para que sexas un simple observador! É a túa oportunidade se, ademais de gozar coas acrobacias da mellor representación do mundo nestas disciplinas, queres aprender algún deporte urbano, xa que tes diversos obradoiros de iniciación agardando por ti. Poderás inscribirte o mesmo día e lembra que, se es menor de 18 anos, precisarás de autorización. Todas as inscricións custan un euro, agás a de *psicoblock*, que custa tres. Toma nota e presta atención á páxina web por se se produce calquera cambio.

PSICOBLOCK:
atrévete a experimentar a disciplina máis espectacular do festival.
Venres 20, ás 12.00 h
Domingo 22, ás 10.00 h

BOULDER:
descubre a escalada en pequenas paredes, onde prima a dificultade extrema en traxectos curtos.
Venres 20, ás 20.00 h
Sábado 21, ás 19.00 h

SLACKLINE:
demostra a túa axilidade e equilibrio sobre corda plana.
Venres 20, ás 20.00 h
Sábado 21, ás 19.00 h

STREET WORKOUT - CALISTENIA:
aprende acrobacias extremas mesturando movementos de tensión e explosión.
Venres 20, ás 20.00 h
Sábado 21, ás 19.00 h

PARKOUR:
supera obstáculos con movementos áxiles e cheos de expresión.
Venres 20, ás 20.00 h
Sábado 21, ás 19.00 h

AXENDA A CORUÑA XULLO-OUTUBRO 2018

Ata o 31 de xullo
Centro Ágora
EXPOSICIÓN. *CORPO NATURA*, DE GIMENA BERENGUER E BEGOÑA BAH

Ata o 18 de agosto
Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón. Sábados, ás 12:00 h
OBRADOIROS DIDÁCTICOS DE VERÁN

Ata o 16 de setembro
Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa - MAC
EXPOSICIÓN. *THIS IS NOT AN EXIT*, DE MARKUS MUNTEAN E ADI ROSENBLUM

Ata o 30 de setembro
Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa - MAC
EXPOSICIÓN. *¡MÍRAME! RETRATOS Y OTRAS FICCIONES EN LA COLECCIÓN “LA CAIXA” DE ARTE CONTEMPORÁNEO*

Ata o 4 de novembro
Fundación Luis Seoane
EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA *ETCETERARTE*, DE PAULO BRUSCKY

15 de xullo
Sala O Túnel
FESTIVAL SOLIDARIO DE FIN DE CURSO ROCK SCHOOL CORUÑA

20 de xullo
Pazo da Ópera. 21.00 h
CONCERTO DE JOAN MANUEL SERRAT COA XIRA *MEDITERRÁNEO DA CAPO*

Do 20 ao 22 de xullo
O Parrote
FESTIVAL STREET STUNTS

21 de xullo
Explanada da Mariña
EVENTO. PSICOBLOCK MASTERS SERIES

25 de xullo
Coliseum. 22.00 h
CONCERTO DE ALEJANDRO FERNÁNDEZ COA XIRA *ROMPIENDO FRONTERAS*

Do 26 ao 29 de xullo
Palexco. De 12.00 a 21.00 h
EVENTO. HOBBYCON

Do 6 ao 12 de agosto
Quiosco Alfonso
ACTIVIDADES DO FESTIVAL VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO

Do 6 ao 12 de agosto
Centro Cultural Salvador de Madariaga
ACTIVIDADES DO FESTIVAL VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO

Do 7 ao 12 de agosto
Praza de San Nicolás, praza das Bárbaras, Campo da Lefía, Fundación Luis Seoane, Casa Museo Casares Quiroga, Castelo de Santo Antón, praia de Riazor, parque do Paseo das Pontes, bulevar do Papagaio, rúa Capitán Troncoso, rúa Torreiro, praza José Sellier Loup.
FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA

4 de setembro
Centro Ágora. 20.00 h
DOCUMENTAL DO MES. *OVER THE LIMIT*, DE MARTA PRUS

15 de setembro
Teatro Rosalía Castro. 20.30 h
TRC DANZA. PROGRAMA *OASIS PARAÍSO* (PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS EN PROCESO DAS RESIDENCIAS PARAÍSO 2017):

- *Barba inguinal*, de Diego Martínez Buceta
- *As vacacións máis longas*, de Dona Lambecricas e Peluda Queen
- *2419CJX*, de Begoña Cuquejo e María Roja

Do 19 ao 23 de setembro
Distintos escenarios
FESTIVAL MAR DE MARES

2 de outubro
Centro Ágora. 20.00 h
DOCUMENTAL DO MES. *EUGENIO*, DE XAVIER BAIG E JORDI ROVIRA

6 de outubro
Teatro Rosalía Castro. 18.30 h
TRC DANZA. *VUELOS*, DE ARACALADANZA

11 de outubro
Teatro Rosalía Castro. 20.30 h
TRC DANZA. *ALL WAYS*, DA COMPAÑÍA SHARON FRIDMAN

13 de outubro
Coliseum. 21.30 h
CONCERTO DE MELENDI COA XIRA *AHORA TOUR*

20 de outubro
Coliseum. 21.00 h
CONCERTO DE ARA MALIKIAN COA XIRA *THE INCREDIBLE WORLD TOUR OF VIOLIN*

20 de outubro
Teatro Rosalía Castro. 20.30 h
TRC DANZA. *PINK UNICORNS*, DE LA MACANA

27 de outubro
Coliseum. 22.00 h
CONCERTO DE DANI MARTÍN COA XIRA *GRANDES ÉXITOS Y PEQUEÑOS DESASTRES*

31 de outubro
Teatro Rosalía Castro. 20.30 h
TRC DANZA. *DIRECTO 9*, DE PISANDO OVOS, EN COPRODUCCIÓN COA AGADIC - XUNTA DE GALICIA

HORARIO DE VERÁN DAS VISITAS CARACTERIZADAS DE TURISMO DA CORUÑA

- *A cidade de Picasso*: domingos, ás 11.30 h. En agosto, os xoves, ás 12.30 h
- Palacio Municipal: xoves, ás 17.00 h
- Torre de Hércules: sábados, ás 12.00 h
- Baterías de costa do monte de San Pedro: venres, ás 16.30 h
- *Sir John Moore*: todos os xoves en xullo e os domingos en agosto, ás 12.30 h
- Ruta nocturna pola Cidade Vella: venres, ás 21.30 h
- Ruta nocturna polo cemiterio de Santo Amaro: sábados, ás 21.30 h
- *Descubrinto con Catuxa*: domingos de xullo e agosto, ás 12.00 h

IMOS Á PRAIA CUN LIBRO BAIXO O BRAZO

Este verán volve á Coruña unha nova edición de Viñetas desde o Atlántico. Do 6 ao 12 de agosto a cidade verase invadida por personaxes de banda deseñada nunha morea de sitios: nas rúas, gabeando polos edificios, no Quiosco Alfonso, nas salas de exposición e bibliotecas municipais..., pero tamén na praia. Como? Si, porque ademais de tomar o sol, darte un baño, practicar deportes acuáticos etcétera, podes levar un libro para somerxerte en aventuras e illarte de todo. Cantas boas historias descubrimos nos libros, verdade? Pois pedímoslle ao persoal das Bibliotecas Municipais da Coruña recomendacións para ti. Toma nota!



De 12 a 16 anos



LEÑADORAS

Non hai nada mellor para o verán que pasar uns días no campamento de rapazas populares. O que non gusta tanto é ter que enfrontarte a Yetis Hipsters, lobos de tres ollos e falcóns xigantes.

Agarda! Si que mola cando estás acompañada das túas amigas. Todo é posible cando se mesturan a amizade, o enxeño e as dotes detectivescas. As personaxes transmiten os valores polos que se debería rexer o noso mundo.

De 12 a 16 anos



BONE

O señor dos aneis atópase con *Star Wars* nesta divertidísima historia heroica de Jeff Smith. Phoney Bone e Smiley Bone non fan máis que falcatruadas con tal de gañar diñeiro e/ou pasalo ben. Mentres tanto, o ascenso ao poder dunha

especie de Lord Sith medieval está a conmocionar un mundo que non volverá a ser o mesmo.

De 17 a 22 anos



SCOTT PILGRIM

Scott Pilgrim ten 20 anos, toca o baixo nun grupo de rock e está namorado dunha rapaza á que só pode ver en sonhos. Conquistala non vai ser doado, xa que para conseguilo terá que derrotar os seus sete

“ex-noivos malvados”. Son seis tomos nos que Bryan Lee O’Malley mestura o manga, a banda deseñada americana, os videoxogos, a música e a cultura popular.



SAGA

Alana e Marko están namorados e, en breve, terán un bebé. Todo sería perfecto se non fose porque están desertando dos seus respectivos exércitos, enfrontados entre si nunha guerra interplanetaria, e tanto

uns coma os outros queren apresalos e acabar con eles. Ciencia ficción, fantasía, maxia, acción, guerra e amor están presentes nesta obra premiada de Brian K. Vaughan da que quereás devorar un tomo tras outro.

De 23 a 30 anos



HISTORIAS DEL BARRIO

Unha banda deseñada tremendamente persoal onde Gabi Beltrán nos amosa o difícil de ser adolescente nun barrio marxinal de Mallorca nos anos 80. Un libro para atoparse a un

mesmo e que nos mostra a necesidade de vivir ao límite e de romper as normas.



SANDMAN

Unha epopea con toques épicos rompedora, intelixente, amarga, elegante e exquisitamente escrita. A saga de Neil Gaiman é unha das mellores que se creou xa non só no cómic, senón tamén na literatura universal.

GÚSTACHE
A BANDA
DESENADA?

NON PODES FALTAR
Á CITA CON VIÑETAS
DESDE O ATLÁNTICO

DO 6 AO 12
DE AGOSTO

ANOTA AS DATAS NA AXENDA E NON PERDAS
AS ACTIVIDADES QUE MÁIS CHE INTERESEN.
TODA A INFORMACIÓN ESTÁ NA SÚA WEB
WWW.VINETASDESDEOATLANTICO.COM



De 12 a 16 anos



ESKORIA

Novela de Alfredo Gómez Cerdá que trata o tema do acoso escolar de forma realista e sen concesións. A premisa é o dereito a ser diferente, a que non che gusten o fútbol nin a roupa de marca nin os ritmos prefabricados.



PERCY JACKSON Y LA VARA DE HERMES

Rick Riordan une a Percy Jackson cos deuses do Olimpo nesta entrega onde volven confluír fantasía, aventuras e mitoloxía clásica.



MI FAMILIA Y OTROS ANIMALES

Nesta obra autobiográfica de Gerald Durrel encontraste coa familia máis libre e rechamante que poidas imaxinar, unha illa paradisíaca no medio do Mediterráneo e personaxes moi curiosos –non só persoas. De non existir este libro, habería que inventalo, polo que tes que meterlle o dente!

De 17 a 22 anos



VIVIR BIEN LA VIDA

Cando J. K. Rowling foi invitada a pronunciar o discurso da cerimonia de graduación do alumnado da Universidade de Harvard, decidiu falar sobre os temas

que lle interesan especialmente: os beneficios do fracaso e a importancia do maxín. Esta é a temática desta obra que te animamos a ler!

De 23 a 30 anos



EL CUENTO DE LA CRIADA

Margaret Atwood aborda nesta novela un futuro incerto no que a poboación ten pouca capacidade para reproducirse e se ve minguada por mor da contaminación ambiental. Como nos réximes totalitarios, a clase gobernante monopoliza todo o que teña algún valor e a elite repártese as femias fértils como criadas. Unha novela feminista? Unha novela contra a relixión? Ningunha das dúas cousas? Mergúllate nesta arrepiante trama e saca as túas propias conclusións.



A VIDA SINXELA DE MARCELO FIRMAMENTO

Obra de Vanessa Santiago coa que a autora gañou o Premio Illa Nova de Narrativa en 2017. Viaxarás con Marcelo Firmamento de océano

en océano, desde a vila mariñeira de Sada, tras a pista dun pai que non coñece. Tamén descubrirás un pobo, o galego, espallado polos cinco continentes. A fantasía e a realidade mestúranse nun universo onde as quimeras, mesmo a da liberdade, cobran vida e poden resucitar.



HAMBRIENTO

Primeiro libro do artista de hip hop Nach. Nel reúne os seus poemas máis libres e sinceros que transitan por ese camiño tan sinxelo e complexo que se chama vida.



EN VÍAS DE EXTINCIÓN

En palabras da autora, María Reimóndez, esta novela fala dos mundos que esvaeen, pero aínda están aí; das persoas que loitan por mantelos e por transformalos dunha maneira única. Escrita dun xeito innovador, nesta obra advírtese a diversidade cultural, as fendas entre a vida rural e urbana e o potencial de conxugar todas as marxas para facer delas o centro da vida propia.



Completamos a lista de cómics coa visión máis feminina de Sira González, da Biblioteca Municipal Os Rosales, quen tamén é unha namorada da banda deseñada. Desde *Coruña Mutante* escollemos para ti algúns dos moitos títulos que nos convidou a ler.



¡SONRÍE!

Raina Telgemeier conquista cos seus cómics nos que presenta historias autobiográficas coas que se conecta deseguida. A protagonista, Raina, só quere ser unha moza normal, mais unha noite rompe os dous incisivos e comeza un periplo de consultas médicas, operacións e aparatos xusto cando a adolescencia irrompe na súa vida con toda a forza. A protagonista, e con ela o lector ou lectora, descubrirá o poder da verdadeira amizade no paso do colexio ao instituto.



IDIOTIZADAS

Moderna de Pueblo (Raquel Córcoles) proponche desaprender todos eses contos de princesas que nos acompañan desde crianzas. Da man de Zorricienta, Gordinieves e da Sirenita Pescada fai un primeiro achegamento aos feminismos na súa obra. Trátase dun cómic hilarante, moi recomendable e necesario que reflicte como é unha parte da nosa sociedade.



O CORPO DE CRISTO

Primeira novela gráfica de Bea Lema, autora coruñesa á que lle seguimos a pista no número 5 de *Coruña Mutante*. Trátase dun cómic autobiográfico que aborda a enfermidade mental desde a perspectiva dunha nena que vive a patoloxía da nai, quen non recoñece a enfermidade. A novela, que obtivo o XII Premio Castelao da Deputación da Coruña no ano 2017, mostra a resiliencia da rapaza fronte aos problemas dos adultos. Non podes perder esta obra que conta cunha edición impecable e un prezo irrisorio!

“POUCO A POUCO O QUIDDITCH XA NON É SÓ O DEPORTE DE HARRY POTTER”

En 2013 nace Dementores de A Coruña, o primeiro equipo de quidditch de Galicia. De cinco xogadores pasaron aos vinte que forman o equipo na actualidade e, desde os seus comezos, non paran de sumar trofeos. O máis recente, o subcampeonato da Liga Galega que rematou en maio. O pasado mes de abril participaron por primeira vez, como representantes de España, na Copa Europea de Clubs, que tivo lugar en Alemaña, e os días 21 e 22 de xullo poderálos ver no Torneo do Camiño de Santiago de Compostela. Dementores é un vello amigo de Nocturnia, onde imparten un curso de iniciación ao “quidditch” superdivertido. Por se non puidesches participar, falamos con Iago Docampo, o seu presidente, para que descubras este máxico deporte, que xa comeza a ser coñecido alén de “Harry Potter”.

Para quen non teña moi claro que é o quidditch, como llo explicarías?
O *quidditch* é un deporte que mestura varias disciplinas: rugby, balonmán e *dodgeball*. Trátase dun deporte pioneiro que aposta pola igualdade de xénero, grazas a que no regulamento internacional existe a “norma do máximo catro”, regra que establece que só poden coincidir no campo catro persoas dun mesmo xénero en cada un dos equipos. Á súa vez, recoñécese a figura “non binario” para as persoas que non se identifican con ningún dos xéneros tradicionais (masculino e feminino).

Como se xoga?
Cada equipo conta con sete persoas distribuídas en catro posicións: tres cazadoras, encargadas de obter os puntos; dúas golpeadoras, que eliminan os adversarios; unha garda, cazadora con privilexios; e unha buscadora, que obtén o *snitch* (“pelota de tenis”). O obxectivo do xogo é introducir unha pelota de voleibol, chamada *quaffle*, por calquera dos tres aros do equipo contrario, elevados a diferentes alturas, que se interpretan como canastras ou porterías. Deste xeito, conséguense puntos para gañar o partido. Á súa vez, cada xogadora ou xogador ten que levar un *stick* entre as pernas.

Ademais, no mesmo campo hai membros de ambos os equipos que poden eliminar durante uns instantes as xogadoras e os xogadores contrarios ao baterlles cunha das tres pelotas de balón prisioneiro en xogo, denominada *bludger*, o que engade dificultade e, sobre todo, intensidade e rapidez ao deporte. Finalmente, no minuto 17 do partido, comeza a correr polos límites do campo

unha figura externa aos equipos participantes, o *snitch runner*, que leva atada á cintura unha extensión de tea co *snitch*. Nese momento, saen os buscadores de cada equipo para tentar atrapar a corredora ou corredor, de xeito que quen o consiga suma 30 puntos e forza o final do partido, onde nunca haberá posibilidade de empate.

Sodes o primeiro equipo de quidditch de Galicia. Como xurdiu a idea?
A idea xurdiu de casualidade. Nunha película vimos que xogaban e quixemos saber se ese deporte existía, polo que comezamos a investigar. Descubrimos que en Estados Unidos se practicaba desde o ano 2005 e en España estaba a introducirse. Atopamos un foro de *quidditch* español, contactamos e iniciamos o proxecto na Coruña. Deste xeito naceu Dementores.

Aumentou o equipo nestes cinco anos?
Comezamos sendo cinco persoas e agora o equipo principal conformámolo vinte. Durante estes anos pasaron aproximadamente cincuenta persoas polo equipo, pero foron marchando por diferentes motivos (traballo, estudos...).

Comezastes nos eventos de temática friki da Coruña. É unha disciplina só apta para frikis ou fans de Harry Potter?
É certo que comezamos nos eventos de temática friki da Coruña, debido a que mobilizan unha gran parte da xente nova da comunidade galega e era unha boa maneira de ir introducindo o noso deporte pero, aínda que pareza o contrario, non é só apto para fans de Harry Potter. Moita xente practícao porque lle encanta o deporte e o *quidditch* é unha actividade bastante completa.



Colaborades no curso de iniciación ao quidditch de Nocturnia. A xente nova continúa interesándose por este deporte?
Notamos que a mocidade segue tendo moito interese, tanto en Nocturnia coma nos diversos eventos nos que colaboramos. Fascínalle o deporte e queda encantada con el. De feito, a idade media do equipo é relativamente baixa e cada vez iniciáase xente máis nova, o cal é positivo para o futuro do *quidditch*.

Parece que Harry Potter xa é máis un recordo dos millennials ca un referente para as novas xeracións. Isto nótase ao practicar o deporte?
A maioría da xente segue a vincular o noso deporte con Harry Potter. É algo co que temos que coexistir, pois o certo é que saíu de novelas de éxito mundial. Con todo, no caso das persoas máis novas, polas actividades realizadas con elas, xa non asocian tanto eses dous conceptos. Cando comezan a xogar xa non sempre sae a frase trillada de “este é o deporte de Harry Potter?”

Galicia é todo un potencial en quidditch a nivel nacional, non si?
Temos a sorte de poder dicir que Galicia é unha das grandes potencias de *quidditch* a nivel nacional. Os datos están aí! No último torneo de España, dos catro primeiros clasificados, tres eran galegos: no primeiro posto quedou Lumos Compostela; no segundo nós, Dementores de A Coruña, e, no cuarto, Pontevedra Quidditch Club. Desde o ano pasado xa se vía o enorme potencial existente aquí grazas a todo o traballo que hai detrás: unha boa organización, unha liga regular e competitiva que nos fai mellorar e, sobre todo, ganas de tirar para adiante.

SERIES WEB: FICCIÓN CON SELO CORUÑÉS PARA ENTRETENTE NO MÓBIL

O consumo de contidos dixitais é xa unha realidade. Podemos pasar horas e horas visualizando vídeos en Youtube, verdade? Nesta plataforma comezou o fenómeno das series web, unha alternativa á ficción tradicional tanto para as consumidoras e consumidores como para as novas e novos creadores.

Internet permite máis liberdade de creación e ofrécelle a oportunidade a calquera persoa de xerar contidos de acceso libre.

Conscientes do éxito das series web entre os máis novos, as cadeas televisivas contan hoxe con plataformas dixitais que inclúen estes contidos audiovisuais, ademais de apoiar a súa produción e os novos talentos. É o exemplo de Playz, Flooxer ou Mitele. Bótalle un ollo e descubrirás series de gran calidade como *Buster*, *Mambo* ou *Dorien*!

As series web que che recomendamos foron premiadas o pasado mes de abril no V Festival

SEIS SERIES WEB QUE NON PODES PERDER

Non sabes que facer algún día deste verán? Cousa difícil na Coruña, pero... todo pode ser! Pois colle o móbil ou o portátil e monta un maratón de series web! Desde Coruña Mutante dámosche a lista de imprescindibles que, ademais, contan co “selo da casa”.



PETER BRANDON

Chea de caras coñecidas, esta comedia de toques dramáticos está protagonizada por Pedro Brandariz. Cun estilo documental, fai sátira do sector audiovisual a través de personaxes inadaptados. Podes vela en www.peterbrandon.gal.



MONUMENTO

Este documental web interactivo é o proxecto de fin de grao de catro estudantes de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña (UDC). É un achegamento ás problemáticas do medio acuático galego centradas en Ferrol, Ortegal, Vigo e Santiago. Descúbreo en www.monumento.gal.



ORFANATO ATROZ

O coruñés Antón Varela, graduado en Comunicación Audiovisual pola UDC, é o creador desta serie de animación en Internet. Nela cóntanse as aventuras de varias nenas e nenos nun orfanato moi peculiar en capítulos curtos de 4 minutos. Búscaa en Youtube!



EL PUNTO FRÍO

Unha das apostas da plataforma Playz, da RTVE, é esta serie de ficción, de misterio e de terror, que recupera a lenda galega da Santa Compaña. Rodada en Galicia, en concreto nos concellos da Coruña, Culleredo, Carral e A Laracha, conta tamén con reparto galego: Camila Bossa, Toni Salgado e Raquel Espada, entre outros. Nela nárrese a historia de Martín (David Solans), un rapaz obsesionado co paranormal, que, cando chega a unha aldea de Galicia, se atopa coa aparición dun home morto desaparecido hai trinta anos, malia semellar que a morte é recente polo estado de conservación do cadáver. Cal será a súa relación con Martín? Conseguirá Martín descubrir que lle aconteceu? Quedaches coa intriga? Satisfai a túa curiosidade en www.rtve.es/playz/el-punto-frío.

CORUÑA DIXITAL

Queres aprender máis sobre contidos dixitais? Gustaríache levar a cabo proxectos innovadores? Lembra que o Concello da Coruña, a través da área de Culturas e Coñecemento, pon ao teu dispor o programa Coruña Dixital. O obxectivo é divulgar entre a mocidade novas prácticas culturais e creativas xurdidas desde as redes dixitais.

Visita corunadixital.gal e préstalle atención ás novas!

Carballo Interplay. Sabías que este festival naceu en 2014 e foi o primeiro de España? E iniciouse aquí ao lado! De feito, Galicia é unha das comunidades pioneiras na produción de series para Internet. Que lonxe semella aquel 2011 no que se estreara en Youtube o primeiro capítulo de *Angélica y Roberta*! Sen dúbida, é no ano 2013 cando a produción se dispara con títulos como *El viudo quiere mimos*, *Joke Business*, *Fame*, *Clases de lo social*, *El Quid* ou *Canillejas*.

ANTOLEPSIA

Unha mestura entre narcolepsia e sonambulismo? O coruñés Javi Segá dirixe esta serie web na que unha enfermidade denominada antolepsia lle fai experimentar cada día ao protagonista unha nova e emocionante aventura. Podemos facerche un spoiler? No primeiro capítulo sae David Perdomo falando “coruño”. Esta é a súa web: www.antolepsia.mozello.es.



GALICIA CRIME

Esta é unha serie policial de humor absurdo na que se contan as aventuras do detective Dowson e o sarxento Pillei. No seu reparto atopámonos con habituais da comedia coruñesa como Víctor Grande e Pedro Brandariz. Síguea en www.galiciacrime.com.



ANÍMASTE A GRAVAR UNHA SERIE WEB NA CORUÑA?
Se chegaches ata aquí, é hora de facerche unha pregunta: que farías se acabase Internet? E ti dirás: “pois non poder gozar coas series da rede que me acabas de recomendar!”. Tamén! Con todo, ademais diso, podes sacar o teu lado máis creativo e facer un capítulo de Dinosaurio, a serie creada polas persoas participantes no “campamento – taller” da última edición do Carballo Interplay. Para máis información consulta a páxina de Facebook facebook.com/dinosauriolaserie/ e, se che gusta o audiovisual, animate a enviar a túa idea e producir o capítulo (e de paso, ensina a túa cidade), pois non é preciso ser profesional para participar nesta iniciativa. Ademais, poderás gañar un premio na vindeira edición do festival!

POR UN MAR DE MARES

Durante o verán gozas máis ca nunca da natureza que ofrece A Coruña: unha tarde de praia coas amizades, un pícnic nun parque, unha ruta polo Sendeiro Atlántico desde O Parrote ata o miradoiro de San Pedro... Mais tamén pode ser un bo momento para reflexionar e mesmo facer unha boa acción coa que contribuír a protexer a nosa contorna. Unha gran ocasión para defender e celebrar a riqueza dos nosos océanos é o Festival Mar de Mares.

O pasado 5 de xuño celebrouse, baixo o lema “Un planeta sen contaminación por plásticos”, o Día Mundial do Medio Ambiente. A campaña insta os gobernos e a industria a reducir de forma urxente a produción e uso de plásticos que contaminan os nosos océanos, danan a vida mariña e ameazan a nosa saúde. Cada ano acaban nos nosos mares oito millóns de toneladas de plástico! Sabías que compramos un millón de botellas deste material por minuto? Seguro que estes datos te fan reflexionar! E se decides substituír as botellas pequenas de plástico por unha de cristal para reutilizala as veces que queiras? Esta é unha das alternativas que se nos ocorre desde Coruña Mutante para axudar na conservación do noso medio, pero hai moitas máis. Tamén podes utilizar para beber un vaso reutilizable cando vas a un festival, levar unha bolsa de tea para ir ás compras ou insistir para que che sirvan os produtos nas menos bolsas posibles na froitaría, por exemplo. Pon da túa parte para conseguir o desenvolvemento sostible do noso planeta! **Fainos chegar as túas boas accións para evitar o uso do plástico a través das redes sociais de Nocturnia. Anímate! :)**

FESTIVAL MAR DE MARES

Ao final do verán tes unha cita imprescindible para descubrir a riqueza, complexidade e beleza do noso ecosistema mariño no Festival Mar de Mares, que chegará á cidade do 19 ao 23 de setembro para converterse un ano máis nun punto de encontro da arte, divulgación, ocio, cultura e mercado arredor do mar. Nesta quinta edición terá grande importancia a **economía circular**. Coñeces o termo? Trátase dun novo paradigma económico no que o residuo se transforma en recurso.

Como sinalan as directoras, Merce Carballo e Silvia Oviaño, Mar de Mares é un espazo no que podes participar de forma activa e no que cada edición se converte nun reto, pois incorpora novas actividades respecto dos anos anteriores. Contará, un ano máis, con referentes en conservación, economía circular ou emprendemento responsable e incrementaranse as actividades na rúa co obxectivo de sensibilizar máis xente na necesidade de protexer os mares, xa que, como sinalan Carballo e Oviaño, “a defensa do mar ten que ser unha prioridade para gobernos, institucións e para cada un de nós. Con Mar de Mares intentamos fomentar a implicación de todas e todos para protexer e coidar o mar”.

Entre as novidades desta edición, atópanse os **Encontros Inspiradores**, onde persoas emprendedoras, do mundo da ciencia, aventureiras, activistas ou artistas explicarán o seu traballo para inspirar o público. Pola súa parte, a arte chegará á rúa coa **exposición fotográfica de Mandy Barker**, quen crea obras de arte a partir do

lixo procedente do mar e do estómago das aves. Sen dúbida, moi recomendable! Iso si, veraste na obriga de encarar o problema dos residuos. Atreveraste?

Moi inspiradora para a mocidade será a participación de Amy e Ela Meek. Con tan só 14 e 12 anos, estas rapazas británicas son as artífices de **Kids Against Plastic**, unha campaña para difundir os efectos negativos do plástico no medio ambiente. Se tes entre 10 e 14 anos, poderás aprender a tomar a iniciativa na loita contra o cambio climático e a poñer en marcha proxectos que teñan un impacto positivo no cambio social.

No programa tamén atoparás exposicións, proxeccións de cinema, obradoiros, concertos, demostracións culinarias de temática mariñeira, o xa clásico Mercado do Mar ou poderás visitar a lonxa da Coruña. Presta atención á web **www.festivalmardemares.org** para non perder ningunha das actividades!



TI DECIDES A CORUÑA QUE QUERES!

A finais de agosto abrírase o prazo para a votación final dos proxectos que se levarán a cabo na cidade en 2019 grazas aos orzamentos participativos. De seguro que hai iniciativas que te representan. Busca as que máis che gusten e vota!

Ti podes decidir parte dos proxectos que o Concello da Coruña destina á mocidade. Como? Só tes que acceder á plataforma A Porta Aberta da Concellería de Participación e Innovación Democrática da Coruña.

Ata o mes de maio puidiches facer a túa achega aos orzamentos participativos. O resultado foi alucinante, xa que o Concello recibiu case mil propostas! Moitas delas teñen que ver coa natureza, a mobilidade, a inclusión ou a comunicación entre a veciñanza e os servizos municipais. Enviaches ti algunha delas? Se non tiveches a oportunidade de participar, non te preocupes, aínda tes moito que dicir! Tras a fase de apoios de xuño e a avaliación posterior dos técnicos do Concello, a finais do mes de agosto comezarán as votacións finais. Será cando poidas opinar sobre como investir na Coruña ata 3 millóns de euros en 2019, mediante a votación de propostas para toda a cidade e tamén para os tres barrios que elixas. Pon atención ás redes sociais de Participación e Innovación Democrática para coñecer as datas exactas.

Como podes decidir? Se tes máis de 16 anos e estás empadroadado ou empadroad na Coruña, entra na páxina A Porta Aberta da Concellería de Participación e Innovación Democrática da Coruña (www.aportaaberta.coruna.es), selecciona “orzamentos participativos 2018” e dálle a “participa”. Non perdas a oportunidade de contribuír ao desenvolvemento da túa cidade!

SIGUE A PISTA DE... IAGO DE LA CAMPA

O coruñés Iago de la Campa (Monte Alto, 1993) estudou nos Salesianos e en Zalacta, onde cursou un Ciclo Superior de Marketing e Xestión Comercial. Pero Iago tiña moi claro que sería escritor. Xa de cativo lles dicía aos seus pais que quería “ser bohemio, tocar a guitarra e escribir as súas cousas”, e con 13 anos creaba letras de rap cun amigo. Ao final, o soño cumpriuse antes do que el mesmo agardaba. Con tan só 25 anos, Iago de la Campa ten catro libros publicados: Viajes a Kerguelen, Corazón y tiempo, Se me olvidó cómo olvidarte e No me vas a encontrar en nadie. As súas fontes de inspiración van desde a súa parella, familia e amigos ata as películas e series que ve ou as cancións que escoita.

Xa leva máis de 50.000 exemplares vendidos. Como se explica o éxito? As redes sociais son a súa fiestra publicitaria, a súa forma de comunicarse cos lectores e lectoras e que saiban onde atopar os seus libros. O número de seguidores do coruñés déixanos abraídos: máis de 12.000 en Facebook, case 73.000 en Instagram e máis de 94.600 en Twitter!

A Iago de la Campa non só o podes atopar nas redes, senón tamén gozando da súa cidade. Gústalle correr polo paseo marítimo, ir ao Patio na cidade vella cos amigos, tomar unhas cervexas pola Barreira, acabar no Playa Club de madrugada e pasar as tardes de domingo na rúa San Xoán. O vindeiro outono publicará un novo libro de textos ilustrados. Estaremos á espera! Mentres, imos descubrir algo máis sobre el no noso “Cuestionario mutante”.

UN ESCRITOR OU ESCRITORA?
Patrick Rothfuss

UN LIBRO?
El nombre del viento

UN GRUPO OU CANTANTE?
Joaquín Sabina

UNHA CANCIÓN?
Y si amanece por fin

SE NON FOSSES ESCRITOR, SERÍAS?
Traballaría na organización de eventos

UNHA REDE SOCIAL?
Twitter

UNHA CONTA DE TWITTER A SEGUIR?
@LVPibai

UNHA CONTA DE INSTAGRAM DE REFERENCIA?
@paulamoree

UNHA CANLE DE YOUTUBE?
RevenantLOL

UN SOÑO?
Escribir cancións profesionalmente

UN CONSELLO?
Coida o que tes

UN RECORDO DA INFANCIA?
As fins de semana de fútbol

UNHA VIAXE?
Marrakech

UN SITIO POR DESCUBRIR?
Cuba

UN RECUNCHO DA CORUÑA PARA ESCAPAR?
As rúas de Durmideiras

UN RECUNCHO DA CORUÑA PARA DIVERTIRSE?
O Patio

A QUEN SEGUIRLLE A PISTA?
A cantautora coruñesa Sara Sístole e ao cantautor madrileño Jorge Pelaz

E ti, a quen queres que lle sigamos a pista no próximo número? Deixa a túa proposta nas redes sociais de Nocturnia. #Corunamutante



NOCTURNIA

NOCTURNIA PROGRAMA DE OCIO ALTERNATIVO